(Indicará a valoración do recurso idóneo e será remitido, xunto coa solicitude e a documentación que a acompaña, ao Servizo da Dependencia e Promoción da Autonomía Persoal do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente).

Punto 4.2.2.- Características do coidado: (Indicadores)

Sinalarase cun X aqueles indicadores aos que se axusten as características do coidado e completarase este punto no recadro de observacións profesionais.

Punto 8.1.- Apartado correspondente a datos do centro proposto:

Hai unha errata neste apartado (xa está corrixida no modelo dispoñible no Matias). A redacción quedaría do seguinte xeito:

- Datos do centro proposto (cumprimentar só cando non coincida cos datos do apartado 5.1.3)

**D) ANEXO IV – DECLARACIÓN DE MANTEMENTO DOS REQUISITOS
QUE DERON LUGAR AO RECOÑECIMENTO DO DEREITO Á
LIBRANZA VINCULADA Á ADQUISICIÓN DO SERVIZO.**

**ANEXO V – CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA UTILIZACIÓN DO
SERVIZO**

Segundo o artigo 47, 1 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, e aos efectos dunha nova alta, no prazo de trinta días naturais dende a notificación da resolución do procedemento referida no artigo 38, o interesado debe acreditar ante o departamento territorial da Consellería con competencias en materia de servizos sociais, mediante fotocopia compulsada do orixinal da factura emitida ao efecto ou certificación acreditativa da entidade prestadora do servizo, que efectuou o gasto do servizo ao que se vincula a libranza concedida, de ser o caso..

Asemade os beneficiarios deberá xustificar **cuadrimestralmente** que durante ese período mantivo os requisitos para o disfrute da libranza concedida e que utilizou o servizo ao que está vinculada.

Esta xustificación presentárase inicialmente, dentro do mes seguinte a aquel no que remate o cuadrimestre en curso ao que corresponda o primeiro pagamento, aínda que este período inicial corresponda a un período inferior a catro meses. As sucesivas xustificacións realizaranse no mes seguinte ao remate dos vindeiros cuadrimestres.

É dicir, estas xustificacións presentaranse na xefatura territorial da consellería en materia de servizos sociais nos meses de **maio, setembro e xaneiro do seguinte ano.**

A citada xustificación realizarase mediante os seguintes documentos:

- **Anexo IV:** Declaración responsable de que se mantiveron os requisitos, cuberta polo interesado ou polo seu representante.
- **Anexo V:** Certificación acreditativa da utilización do servizo expedida polo prestador do servizo.
- Xuntarase a estes anexos o duplicado orixinal das facturas que se emitiron pola entidade prestadora do servizo nos últimos 4 meses. Así mesmo, estas facturas poderán ser remitidas pola entidade prestadora do servizo xunto co Anexo V, sempre e cando o beneficiario preste expresamente o seu consentimento.

**E) ANEXO VI – DECLARACIÓN DE MANTEMENTO DOS REQUISITOS
QUE DERON LUGAR AO RECOÑECIMENTO DO DEREITO Á
LIBRANZA PARA COIDADOS NO ENTORNO FAMILIAR.**

A cumprimentar polo interesado ou polo seu representante.

Segundo o artigo 48, 1 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, e aos efectos dunha nova alta, no prazo dun mes dende a notificación da resolución do

procedemento referido no artigo 38, deberá de acreditarse polo coidador non profesional que cumpre cos requisitos de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social establecidas na normativa vixente, pola que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia.

Asemade os beneficiarios xustificará **anualmente** que durante este período cumpriu os requisitos que motivaron a concesión da libranza.

Esta xustificación presentarse no mes de **xaneiro** para tódolos casos, aínda que o período inicial de xustificación corresponda a un período inferior a un ano.

Se durante dito período, os coidados foron prestados por varios coidadores, indícanse as datas correspondentes e a identificación de cada un.

Se é o caso, se deberá acreditar que os coidadores seguen reunindo as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social.

**F) ANEXO VII – DECLARACIÓN DE MANTEMENTO DOS REQUISITOS QUE
DERON LUGAR AO RECOÑECIMENTO DO DEREITO Á LIBRANZA DE
ASISTENCIA PERSOAL**

**ANEXO VIII – DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PAGO POR
ASISTENCIA PERSOAL**

A cumprimentar polo interesado ou polo seu representante.

Segundo o artigo 49, 1, do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, e aos efectos dunha nova alta, no prazo dun mes dende a notificación da resolución do

procedemento referido no artigo 38, o beneficiario deberá de aportar ao departamento territorial da Consellería con competencias en materia de servizos sociais a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos referidos neste decreto e na súa normativa de desenvolvemento, así coma unha copia do contrato suscrito co asistente persoal ou coa empresa de servizos e, de ser o caso, acreditar, mediante fotocopia compulsada do orixinal da factura emitida ao efecto ou certificado acreditativo da entidade prestadora do servizo, que efectuou o gasto ao que se vincula a libranza concedida.

Asemade os beneficiarios deberá xustificar **cuadrimestralmente** que durante este período mantivo os requisitos para o disfrute da libranza concedida e que utilizou o servizo ao que está vinculada.

Esta xustificación presentarase inicialmente, dentro do mes seguinte a aquel no que remate o cuadrimestre en curso ao que corresponda o primeiro pagamento, aínda que este período inicial corresponda a un período inferior a catro meses. As sucesivas xustificacións realizaranse no mes seguinte ao remate dos vindeiros cuadrimestres.

E dicir, estas xustificacións presentaranse na xefatura territorial da consellería en materia de servizos sociais nos meses de **maio, setembro e xaneiro do seguinte ano**.

A citada xustificación realizarase mediante os seguintes documentos:

- Anexo VII: Declaración de mantemento dos requisitos que deron lugar ao recoñecemento do dereito á libranza de asistencia persoal.
- Anexo VIII: Declaración responsable do pago por asistencia persoal. Se durante dito período , a asistencia foi prestada por diferentes persoas, indicaranse as datas e identificación dos asistentes persoais.
- Xuntarase a estes anexos o Certificado da Seguridade Social que acredite que o asistente persoal continúa reunindo as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social.

- Duplicado do orixinal das facturas emitidas, cando o coidador sexa autónomo ou estea contratado a través dunha empresa dedicada a este obxecto. Estas facturas poderán ser remitidas pola entidade prestadora sempre e cando o beneficiario preste expresamente o seu consentimento.

G) ANEXO IX – DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PATRIMONIO

A cumprimentar polo interesado ou o seu representante.

Enténdese por **patrimonio** o **conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa en situación de dependencia.**

Para a estimación do valor deste aplicaranse as normas establecidas para o Imposto sobre o patrimonio con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que deba responder.

Consideraranse exentos do cómputo os bens e dereitos cualificados como exentos na Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio (art. 4), incluído a vivenda habitual ata o límite que determine a lexislación sobre o patrimonio aplicable. Unicamente se computará a vivenda habitual cando o beneficiario perciba o **servizo de Atención Residencial** ou a **prestación económica vinculada a tal servizo** e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo en dita vivenda.

Cubriranse os apartados indicando o concepto ao que se refiren os bens e dereitos do beneficiario:

- Bens Inmóbles (terase en conta o seu valor catastral).
 - Vivendas urbanas ou rústicas a excepción da vivenda habitual.

- Fincas e outros bens, urbanas e rústicas, etc.

- Bens Mobiliarios (valor nominal):
 - Valores, accións, débeda pública, etc.
 - Depósitos en contas correntes ou de aforro (á vista ou a prazo).
 - O valor e as débedas e obrigas indícaranse en euros polo período anual do ano fiscal (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).
 - Débedas: créditos hipotecarios, créditos persoais, letras, etc.
 - Obrigas: IBI, pago comunidade, derramas, etc.
 - Sumaranse as contías de ámbolos dous indicadores: Suma/Valor e Suma/Débedas e obrigas.

Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual e os bens e dereitos cualificados como exentos na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ata o límite que determine a lexislación sobre patrimonio aplicable. Asemade, cando o beneficiario reciba prestacións económicas e deba continuar residindo no seu domicilio ou ben cando residindo nun centro residencial, tivese ao seu cargo o seu cónxuxe, ascendentes ou persoas de idade inferior a 25 anos ou maiores en situación de discapacidade que continúen vivindo nel, non se computará a vivenda habitual.

A ocultación ou falsificación de datos sobre a capacidade económica poderá dar lugar á suspensión temporal ou á extinción da prestación do servizo, así como, no caso das prestacións económicas, á devolución das cantidades percibidas indebidamente.

A capacidade económica da persoa solicitante será a correspondente a súa renda, **modificada a alza pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto**

sobre o patrimonio a partir dos 65 anos de idade, un 3% dos 35 os 65 anos e un 1% os menores de 35 anos.

H) ANEXO X – DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA – COMPROMISO DE REALIZAR A FORMACIÓN POLA PERSOA QUE PRESTE A ASISTENCIA PERSOAL

A cumprimentar polo **asistente persoal**.

Os asistentes persoais que non se atopen prestando este tipo de servizo mediante contrato, cunha antigüidade de, polo menos, 6 meses, deberán formalizar o compromiso de realizar a formación que no seu momento se determine para o desenvolvemento do seu labor mediante a cumprimentación deste Anexo X.

En primeiro lugar, se indicarán os datos do beneficiario da prestación, a continuación os datos do asistente persoal e será asinado polo asistente persoal.


ACLARACIÓNS:

- Artigo 4: refire que a libranza de A.P ten por obxecto a promoción da autonomía as persoas en situación de gran dependencia, sen prexuízo do recollido na disposición transitoria novena (dependencia severa).
- Respecto á valoración da situación de dependencia, art. 28 do decreto:

- Punto 4: Corresponde aos traballadores sociais dos equipos de valoración da dependencia o estudo dos datos socioeconómicos acreditados no expediente, así como a valoración do contorno que ven reflexado no informe social.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2010

A directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal



Coro Piñeiro Vázquez

Documento 12: solicitude de documentación á persoa usuaria ou a quen a represente

SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN Á PERSOA USUARIA OU A QUEN A REPRESENTE

_____ como traballador/a social
de _____ con nº de colexiado/a _____

SOLICITO:

Que aporte a seguinte documentación para poder dar trámite ao seu expediente de *solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestación do SAAD* (anexo I Decreto 15/2010)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.

Cita para a presentación da documentación: día hora

O prazo de presentación para facer entrega de dita documentación é de _ días. No caso de non recibir os documentos solicitados en tempo e forma, procederase ao arquivo provisional da documentación que obre no poder dos SS.SS. Comunitarios ou UTS de Saúde, na Historia Social correspondente, quedando á súa disposición.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura traballador/a social:

Documento 13: comunicación de cambios de datos / situación da persoa en situación de dependencia

Comunicación de cambios de datos / situación da persoa en situación de dependencia

Datos de identificación da persoa en situación de dependencia

Nome		Primeiro Apelido		Segundo Apelido
Tipo de identificación	<input type="checkbox"/> NIF <input type="checkbox"/> NIE	nº	letra	nº expediente

Datos de identificación de quen a represente legalmente (se é o caso)

Nome		Primeiro Apelido		Segundo Apelido
------	--	------------------	--	-----------------

COMUNICO:

Con relación ao expediente tramitado sobre o recoñecemento de grao e nivel de dependencia, infórmolles os seguintes cambios de datos:

Cambio de enderezo da persoa en situación de dependencia

Tipo de vía		Nome da vía		
nº	Bloque	Escaleira	Piso	Porta
C.P.	Poboación	<input type="checkbox"/> Enderezo temporal	<input type="checkbox"/> Enderezo permanente	
Tfno. fixo:	Tfno. móbil:	Correo-e:		

Cambio de domiciliación bancaria

Datos bancarios				
Código entidade	Oficina	Dixito de control	Número de conta	NIF da persoa titular
Os datos antecedentes coincidentes coas existentes nesta oficina.			O/a director/a	

Cambio do/a representante legal ou gardador/a de feito (se é o caso)

Tipo de vía		Nome da vía		
nº	Bloque	Escaleira	Piso	Porta
C.P.	Poboación	<input type="checkbox"/> Enderezo temporal	<input type="checkbox"/> Enderezo permanente	
Tfno. fixo:	Tfno. móbil:	Correo-e:		

Cambio da persoa coidadora principal

Defunción da persoa en situación de dependencia Data da defunción:

Ingreso temporal en centro ou hospital Data de ingreso: Nome do centro:

Outros:

Documentación adxunta

Fotocopia do DNI/NIF ou NIE da persoa representante legal, ou CIF da entidade titular.

Informe Social.

SOLICITO:

Que se modifiquen os datos que consten no expediente mencionado anteriormente.

Poboación

Data

Sinatura da persoa en situación de dependencia ou de quen a representa legalmente

Observacións

Documento 15: documento de autorización de acceso ao expediente SGAD

DOCUMENTO AUTORIZACIÓN DE ACCESO AO EXPEDIENTE SGAD

_____,
con DNI nº _____, como persoa interesada ou como
representante de _____,
con DNI nº _____, con nº de expediente de SGAD _____,
AUTORIZO a:

_____,
Traballador/a social de _____,
a CONSULTAR os datos de dito expediente no Sistema de Información Galego
de Atención á Dependencia (SIGAD).

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: informamos que os datos persoais contidos nesta solicitude integraranse nun ficheiro automatizado cuxo tratamento será realizado conforme á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A falsidade dos datos proporcionados, así como a obtención ou gozo fraudulento de prestacións, poden ser constitutivos de sanción (título III, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).

**III. PROCEDIMIENTO DE ELABORACIÓN DO PROGRAMA
ININDIVIDUAL DE ATENCIÓN (PIA)**

3.1. Descrición

Nesta liña desenvólvese o procedemento de elaboración de PIA, polo que o seu inicio ven determinado pola resolución de grao e nivel de dependencia. Ademais pódese reactivar a elaboración dun PIA que estea suspendido pola implantación do calendario previsto pola LAPAD, ou por reactivación logo do desestimento da persoa interesada na fase PIA, ou debido á solicitude de modificación do PIA activo, que pode derivar do procedemento de seguimento.

Despois da resolución do PIA, descríbense os procedementos para o acceso aos servizos e prestacións do SGAD.

Tamén se incorpora ao proceso a posibilidade de presentación dun recurso e posible renuncia á prestación por parte da persoa interesada.

Documentación de apoio


Documento 16: documento base para xestión - profesional.


Documento 17: desestimento ou renuncia.

Documento 18: solicitude do Programa de Asignación de Recursos (PAR).

Documento 19: Documento base para xestión - persoa usuaria.

3.2. Fluxograma de elaboración e aprobación de PIA





3.3. Narrativa de elaboración e aprobación de PIA

1 Resolución de valoración de grao e nivel

O procedemento da elaboración do PIA iniciase de oficio polo órgano de valoración e asesoramento da dependencia do D.T. da Consellería de Traballo e Benestar - sempre e cando o grao e nivel recoñecido estean dentro do calendario de implantación previsto na disposición final primeira da LAPAD-.

O PIA deberá resolverse no prazo máximo de 3 meses dende a data da resolución de grao e nivel de dependencia (art. 15 Decreto 15/2010).

Se a resolución se refire a un grao e nivel non implantado, o inicio do procedemento de elaboración de PIA terá lugar no prazo máximo de tres meses antes do primeiro día do ano en que se proceda a implantar o grao e nivel de dependencia de que se trate.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

2 Solicitud de interesada

O procedemento de revisión da elaboración do PIA poderase iniciar por instancia da persoa interesada ou de quen a represente (art. 43.3 Decreto 15/2010), sempre que se acredite unha variación nas condicións de saúde ou na situación do seu entorno que puidese motivar unha modificación do servizo ou prestación económica recoñecida.

En caso de estar arquivado por desestimento da persoa interesada na fase de elaboración do PIA, poderase solicitar a reactivación do PIA durante os dous anos seguintes á resolución de recoñecemento da situación de dependencia.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

3 Revisión de oficio

O PIA poderase revisar de oficio polo órgano de valoración e asesoramento da D.T. da Consellería de Traballo e Benestar nos seguintes supostos (art. 43.1 Decreto 15/2010):

- a) Cando se produza unha revisión do grao e nivel recoñecido, sempre que esta implique unha modificación das prestacións económicas e/ou dos servizos recibidos.
- b) Polo traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia dende outra

comunidade autónoma.

- c) Cando existan circunstancias obxectivamente motivadas que aconsellen a súa revisión.

O PIA tamén se revisará coa periodicidade que determine o órgano superior con competencias en materia de dependencia e conforme aos plans anuais de actuación que se establezan (art. 43.2 Decreto 15/2010).

Responsable: Persoal técnico do D.T.

4 Procedemento de seguimento

O procedemento de seguimento do PIA poderá levar aparellada unha proposta de modificación do PIA, debidamente motivada, da ou do traballador social responsable do seguimento (art. 43.1.d Decreto 15/2010).

Responsable: Traballador/a social dos SS.SS. Comunitarios e de Saúde.

5 Ordenar prioridade

O procedemento de elaboración do PIA será ordenado (art. 34 Decreto 10/2010):

- En función do calendario de implantación
- Polo maior grado e nivel de dependencia
- A igual grao e nivel, pola menor capacidade económica da persoa solicitante.

Ademais deberase ter en conta os supostos de emerxencia social (art. 16 Decreto 15/2010):

- Situación de desamparo ou de abandono.
- Malos tratos físicos ou psíquicos.
- Situación de risco grave ou inminente para a integridade física ou psíquica da persoa solicitante.

Os Informes Social e de Saúde son os que deberán acreditar estas circunstancias.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

6 Analizar contidos

Analizaranse os contidos dos Informes Social e de Saúde para comprobar que contemplan os seguintes aspectos:

- información referida ás condicións persoais e de convivencia da persoa en situación de dependencia e das persoas convivintes reflectida no Informe Social
- limitacións e necesidades de apoio detectadas no BVD da persoa en situación de dependencia
- capacidade económica da persoa en situación de dependencia e/ou das persoas convivintes, se é o caso
- apoios e recursos da contorna
- condicións da vivenda, valorando a idoneidade da mesma
- custes derivados dos recursos de apoio privados no domicilio ou na zona de residencia, coa posibilidade de prestación económica vinculada

Responsable: Persoal técnico do D.T.

7 Concordancia

O persoal técnico do órgano de valoración e asesoramento constatará se coa información que conteñen os Informes Social e de Saúde é suficiente para fundamentar a proposta de PIA.

Terán en conta os seguintes aspectos:

- A coherencia do contido coa proposta de recurso.
- O acordo ou discrepancia coa demanda da persoa interesada.
- A incompatibilidade entre os servizos / prestacións do SAAD, con recursos xa percibidos do sistema galego de SS.SS. (cheque asistencial e acollemento familiar).

Responsable: Persoal técnico do D.T.

8 Solicitar ampliación de Informe Social ou Informe Saúde

A solicitude de ampliación de informes e a súa contestación farase, de estar implementados os medios técnico correspondentes, por medios telemáticos, electrónicos ou informáticos.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal técnico do D.T.

9 Documentación completa

Responsable: Persoal técnico do D.T.

10 Solicitar documentación

O órgano do D.T. solicitará á persoa interesada, se fose preciso, a documentación necesaria e complementaria para a elaboración do PIA (LRIAP-PAC).

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

11 Preséntase en prazo

O prazo será de 10 días hábiles dende o día seguinte da recepción do requirimento (art. 35.1 Decreto 15/2010).

Responsable: Persoal do D.T.

12 Suspensión de tramitación

O prazo máximo para a suspensión do procedemento será de tres meses (art. 35.2 Decreto 15/2010).

De non presentarse a documentación interromperase o cómputo do prazo para resolver, transcorridos 3 meses declararase a caducidade do procedemento e archivarase o expediente.

Responsable: Persoal do D.T.

13 Solicita reactivación

A reactivación do expediente poderase presentar durante o prazo de tres meses, acompañándoa da documentación requirida.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

14 Solicitud

A persoa interesada, ou quen a represente, poderá solicitar a reactivación da elaboración e aprobación do PIA mediante a presentación dunha solicitude nos SS.SS. Comunitarios ou UTS de Saúde de referencia ou en calquera dos lugares establecidos no art. 38 da LRJAP-PAC, xunto coa documentación que lle foi requirida no seu momento, durante o prazo máximo de 2 anos dende a data de resolución de grao e nivel de dependencia.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

15 Resolución

Se a persoa interesada non realiza as actuacións necesarias para reactivar a tramitación (acompañada da documentación requirida) no prazo de tres meses, declararase a caducidade do procedemento e emitirase a resolución do arquivo do expediente (art. 35.2 Decreto 15/2010).

Responsable: Titular do D.T.

16 Comunicar a SS.SS. Comunitarios / Saúde responsable

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

17 Notificar a interesada

Remítese unha notificación da resolución á persoa interesada.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

18 Arquivo definitivo

Arquivarase o expediente. Poderase reactivar o PIA durante os dous anos seguintes á resolución de recoñecemento da situación de dependencia mediante a presentación da solicitude para tal fin. Pasado este prazo, necesitarase unha nova solicitude de recoñecemento de situación de dependencia, comezando así o recoñecemento dende o inicio (art. 35.4 Decreto 15/2010).

Responsable: Persoal do D.T.

19 Rexistrar

Responsable: Persoal do D.T.

20 Finalizar

Responsable: Persoal do D.T.

21 Necesario contacto con usuaria

Terase en conta, de maneira orientadora, a manifestación da persoa interesada, a proposta da ou do traballador social e demais informes que consten no expediente. De ser necesario valorarase a opción de contactar coa persoa interesada ante unha discrepancia sobre a modalidade de intervención.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

22 Cita

Preferentemente, a cita concertarase por medios informáticos, telemáticos o electrónicos.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

23 Entrevista con usuaria

De ser necesario, darase audiencia á persoa interesada para obter ou ampliar a información que se considere necesaria para a elaboración da proposta do PIA.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

24 Beneficiaria de cheque asistencial

Existe incompatibilidade entre os servizos e prestacións do SGAD (Disposición Transitoria 7º Decreto 15/2010).

Responsable: Persoal técnico do D.T.

25 Renuncia a cheque

A persoa interesada, ou quen a represente, para poder beneficiarse dos servizos e prestacións de SGAD, deberá renunciar por escrito ao programa do cheque asistencial. A renuncia farase efectiva dende que se produza a inclusión no SGAD, con solución de continuidade na prestación.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

26 Suspender elaboración de PIA

Se a persoa interesada, ou quen a represente, non renuncia ás prestacións do cheque asistencial, suspenderase o procedemento de elaboración do PIA e archivarase.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

27 Arquivar

Responsable: Titular do D.T.

28 Comunicar arquivo

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

29 Rexistrar

Responsable: Persoal do D.T.

30 Finalizar

Responsable: Persoal do D.T.

31 Firmar renuncia

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

32 Proposta PIA

A proposta deberá incluír:

- A modalidade de intervención máis axeitada ás necesidades da persoa en situación de dependencia, segundo o grao e nivel en función da súa capacidade económica.
- Os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública do Sistema Galego de SS.SS., mediante centros e servizos públicos ou privados concertados debidamente acreditados. No caso de que sexa posible o acceso a un servizo público, a proposta de resolución deberá indicar o recurso que corresponda.
- No caso de non ser posible o acceso a un servizo público, indicará:
 - A incorporación ao programa de asignación de recursos (PAR),

especificando os criterios de preferencia de acceso a servizos, así como a posibilidade de solicitar modificación do PIA para obter unha libranza vinculada ao servizo se no prazo de tres meses non accede a un servizo público, ou pola contra seguir no PAR, á espera do servizo público.

- A concesión dunha libranza vinculada ao servizo para aplicala transitoriamente cando non sexa posible o acceso a un servizo público. Reflectirase o centro ou entidade prestadora, a contía concedida e a inclusión voluntaria no PAR se así o manifesta a persoa beneficiaria, á espera do acceso a un servizo público.
- No caso de que no PIA se sinala con carácter excepcional unha libranza para cuidados na contorna familiar e apoio a cuidados non profesionais, a proposta de resolución deberá reflectir a contía e data de inicio da prestación.
- No caso de que o PIA sinala unha libranza de asistencia persoal, a proposta de resolución deberá reflectir a contía e data de inicio da prestación.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal técnico do D.T.

33 Resolución

Determinaranse a modalidade ou modalidades de intervención máis axeitadas, incorporando, se é o caso, os servizos que xa se estean gozando do SGAD. Indicaranse as condicións individuais para a súa prestación e a participación da persoa interesada no custe do servizo.

Se a modalidade resolta é distinta á proposta pola ou polo traballador social de referencia no Informe Social, deberase xustificar expresamente na resolución o motivo da modalidade de intervención resolta. A ou o traballador social terá acceso á mesma a través de extranet.

Poderase determinar o prazo máximo no que se debe efectuar a revisión do PIA.

Responsable: Titular do D.T.

34 Rexistrar en extranet

Accederase á información do expediente e á resolución a través da extranet do SIGAD.

Responsable: Persoal do D.T.

35 Notificar a interesada

Remitirase unha notificación da resolución á persoa interesada ou a quen a represente.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

36 Notificar a entidade prestadora

Accederase á información do expediente e á resolución a través da extranet do SIGAD.

Responsable: Persoal do D.T.

37 Recurso de alzada

Contra a resolución que aproba o PIA a persoa interesada poderá interpor un recurso de alzada no prazo dun mes dende o día seguinte á notificación. O recurso poderase rexistrar nos lugares contemplados polo art. 38 da LRJAP-PAC: Rexistros da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado, en Correos en sobre aberto e selado e nos rexistros da xanela única dos concellos que teñan convenio coa Xunta de Galicia.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

38 Tramitar recurso

A resolución do recurso é competencia da persoa titular da Consellería con competencias en materia de SS.SS.

Responsable: Persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

39 Valorar e informar recurso

O D.T. remitirá o expediente completo á *Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal*. Os servizos xurídicos da Dirección Xeral estudan o expediente e elevan unha proposta de resolución á persoa titular con competencias en SS.SS. da Consellería de Traballo e Benestar.

Responsable: Persoal da Dirección Xeral.

40 Resolución

Responsable: Persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

41 Notificar a D.T.

Accederase á información do expediente e á resolución a través da extranet do SIGAD.

Responsable: Persoal do D.T. / Dirección Xeral

42 Notificar a interesada

A resolución será notificada á persoa interesada.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal da Dirección Xeral.

43 Recurso estimado

No caso de que o recurso de alzada sexa estimado, en todo ou nunha parte, estarase aos efectos que na mesma se dispoñan, incluíndo a posibilidade de emitir un novo PIA.

Se o recurso de alzada é desestimatorio continuarase co PIA resolto anteriormente.

Responsable: Persoal do D.T. / Dirección Xeral

44 Renuncia a prestación

Unha vez comunicada a resolución de PIA, a persoa interesada ou quen a represente poderá renunciar ao servizo ou á prestación recoñecida en dita resolución.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

45 Firma renuncia

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

46 Notificar a D.T.

Naqueles casos nos que a persoa interesada se negue a facer esta renuncia por escrito e non faga efectivo o acceso ao servizo, será o profesional de referencia o responsable de comunicar esta incidencia ao D.T. da Consellería de Traballo e Benestar.

Ver Documento 1

Responsable: Traballador/a Social dos SS.SS. Comunitarios ou UTS de Saúde de referencia responsables do seguimento.

47 Firmar renuncia

Ver Documento 2

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

48 Proposta de resolución e arquivo

Responsable: Persoal técnico do D.T.

49 Resolución

Emitirase proposta de resolución de arquivo, de acordo ao art. 42 da LRJAP-PAC.

Responsable: Titular do D.T.

50 Notificar a SS.SS. Comunitarios / Saúde

Accederase á información do expediente e á resolución a través da extranet do SIGAD.

Responsable: Persoal do D.T.

51 Comunicar a interesada

Remitirase a notificación da resolución á persoa interesada, o a quen a represente.

Documento interno da Consellería

Responsable: Persoal do D.T.

52 Arquivar

Arquivarase definitivamente o procedemento. Neste caso o grao e nivel recoñecidos manterán a súa validez durante os dous anos seguintes á resolución de recoñecemento da situación de dependencia.

Responsable: Persoal do D.T.

53 Rexistrar

Responsable: Persoal do D.T.

54 Finalizar

Responsable: Persoal do D.T.

55 Servizo

Fai referencia a:

- Servizos de prevención das situación de dependencia e de promoción da autonomía persoal.
- Servizo de teleasistencia.
- SAF.
- Servizo de centro de atención diúrna e de atención nocturna:
 - Centro de atención diúrna para maiores.
 - Centro de atención diúrna para menores de 65 anos.
 - Centro de día de atención especializada.
 - Centro de atención nocturna.
- Servizo de atención residencial:
 - Residencia de persoas maiores en situación de dependencia.
 - Estadías temporais en residencia.
 - Centro de atención a persoas en situación de dependencia, atendendo aos distintos tipos de discapacidade.
- Outros centros de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade.

Responsable: Titular do D.T. / Dirección Xeral

56 Libranza vinculada

Contribuirase á cobertura dos gastos do servizo privado ao que estea acudindo ou vaia a acudir a persoa interesada, sempre que se trate dun centro ou programa acreditado para a atención á dependencia.

Responsable: Titular do D.T.

57 Notificar a SS.SS. Comunitarios / Saúde

Responsable: Persoal do D.T.

58 Rexistrar

Responsable: Persoal do D.T.

59 Procedemento de seguimento

Se a libranza é para a asistencia persoal, coidados na contorna familiar ou vinculada ao SAF ou centro de día ou de noite, deberá aplicarse o procedemento de seguimento.

Responsable: Persoal técnico do D.T.

60 Desexa praza pública

Se a persoa é beneficiaria dun servizo privado para o que ten concedida unha L.V., poderá igualmente optar a un servizo público a través do PAR.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

61 Solicitar PAR

Se a persoa quere solicitar a inclusión no PAR para obter un servizo público, debe facelo constar.

Ver Documento 3

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

62 Incluír en PAR

Responsable: Persoal técnico do D.T.

63 Praza pública dispoñible

Responsable: Persoal técnico do D.T.

64 Comunicar dispoñibilidade a interesada

Documento interno da Consellería

Responsable: Titular do D.T.

65 Acceder

Cando exista dispoñibilidade de praza pública accederase a mesma.

Responsable: Persoal técnico do D.T. / Dirección Xeral

66 Finalizar pago libranza

Responsable: Persoal técnico do D.T..

67 Arquivar

Responsable: Persoal técnico do D.T.

68 Procede seguimento

Responsable: Persoal do D.T.

69 Rexistrar

Responsable: Persoal do D.T.

70 Finalizar

Responsable: Persoal do D.T.

71 Dispoñible

Refírese á dispoñibilidade dun servizo público.

Responsable: Persoal técnico do D.T. / Dirección Xeral

72 Incluír en PAR

Responsable: Persoal técnico do D.T.

73 Dispoñible

No período de tres meses valorarase se hai dispoñibilidade de praza pública.

Responsable: Persoal técnico do D.T. / Dirección Xeral

74 Solicita modificación de PIA

Se nun prazo de tres meses non hai dispoñibilidade de praza pública a persoa interesada, ou quen a represente, poderá solicitar a modificación do PIA, para obter unha L.V. vinculada a servizo, polo que o procedemento voltará á proposta do PIA (ver punto proposta de PIA).

No caso de non desexar a modificación do PIA, a persoa interesada continuará no PAR á espera de praza pública.

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

75 Solicitud de modificación de PIA (L.V.)

Solicitarase libranza vinculada a servizo.

Ver Documento 4

Responsable: Persoa interesada ou quen a represente.

76 Procedemento de seguimento

Aplicarase o procedemento de seguimento en todos os servizos e prestacións que se consideran de proximidade (Teleasistencia, SAF, Centro de día e de noite, Asistencia Persoal e Coidados no Entorno Familiar)

Responsable: Traballador/a social dos SS.SS. Comunitarios e UTS de Saúde.

77 Acceder

Responsable: Responsable da entidade prestadora do servizo.

78 Rexistrar

Responsable: Traballador/a social dos SS.SS. Comunitarios e UTS de Saúde.

79 Centro residencial

Responsable: Persoal técnico da entidade prestadora do servizo.

80 Finalizar

Responsable: Persoal coordinador da entidade prestadora do servizo.

3.4. Documentos de apoio

Documento 16: documento base para xestión - profesional

DOCUMENTO BASE PARA XESTIÓN - PROFESIONAL

_____ traballador/a social
de _____ con nº de colexiado/a _____

INFORMO:

E polo exposto anteriormente, **PROPOÑO:**

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura:

Documento 18: solicitude do Programa de Asignación de Recursos (PAR)

SOLICITUDE PAR			
1. Datos de identificación da persoa solicitante			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS	
Reside nun centro residencial ou sociosanitario <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non N° de Expediente (Se procede)			
2. Representante (achegar documento que acredite a representación)			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS	
Tipo de representación <input type="checkbox"/> Representante legal <input type="checkbox"/> Gardador/a de feito <input type="checkbox"/> Pai - Nai - Titor/a <input type="checkbox"/> Representante			
EXPOÑO: Que me recoñeceu o dereito a unha libranza vinculada para acceder a un servizo de _____ na seguinte entidade _____			
SOLICITO: Segundo o establecido no artigo 37 C ii do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, A INCLUSIÓN NO PROGRMA DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS Á ESPERA DO ACCESO A UN SERVIZO PÚBLICO.			
PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: informámolo/a de que os datos persoais contidos nesta solicitude se integrarán nun ficheiro automatizado cuxo tratamento se realizará conforme á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A falsidade dos datos proporcionados, así como a obtención ou gozo fraudulento de prestacións, poden ser constitutivas de sanción (título III, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).			
Sinatura da persoa solicitante ou de quen a represente:			
En _____, a _____ de _____ de _____.			
XEFE/A DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE TRABALLO E BENESTAR DE _____			

Documento 19: documento base para xestión – persoa usuaria

DOCUMENTO BASE PARA XESTIÓN – PERSOA USUARIA

_____,
con DNI nº _____, como persoa usuaria ou representante
legal de _____,
con número de expediente do SGAD: _____

INFORMO:

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura:

IV. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO DO PIA NO FOGAR

4.1 Descrición

O seguimento realizarase nos casos nos que a persoa en situación de dependencia permanece no fogar e é perceptora de servizos de proximidade (teleasistencia, SAF, centro de día ou de noite, coidados na contorna familiar e asistencia persoal).


O procedemento de seguimento iníciase coa recepción da resolución do PIA, nos SS.SS. Comunitarios ou UTS de Saúde de referencia que deben levar a cabo o seguimento, e finaliza cando a persoa en situación de dependencia deixa de residir no seu fogar ou por finalización do PIA.

Ao longo do procedemento contéplase a detección de situacións de risco e a actuación nestes casos, podendo derivarse ao procedemento de actuación ante situación de risco. Contéplase tamén a proposta de modificación do PIA, derivando neste caso ao procedemento de elaboración do PIA.

Documentos de apoio

- | | |
|---------------|--|
| Documento 20: | 1º notificación/citación. |
| Documento 21: | 2º notificación/citación. |
| Documento 22: | tipoloxía de maltrato. |
| Documento 23: | folla de rexistro de datos de seguimento de PIA. |
| Documento 24: | Informe Social do PIA no fogar. |

4.2 Fluxograma de seguimento de PIA



4.3 Narrativa de seguimento de PIA

1 Recepción PIA

O/a traballador/a social responsable do seguimento do PIA terá acceso ao expediente no SIGAD.

En calquera caso, se o/a traballador/a social responsable do seguimento non é a mesma persoa nin pertence á entidade que tramitou o expediente, o SGAD proporcionarlle os documentos e datos persoais básicos da persoa interesada para facilitar o contacto ca mesma, que serán como mínimo os seguintes:

- Nome e apelidos da persoa usuaria.
- Nome de quen a represente legalmente.
- Dirección persoal e, no caso, dirección alternativa proposta pola persoa usuaria a efectos de notificación.
- Teléfono da persoa usuaria e, no caso, de quen a represente.
- Copia do Informe Social.
- Datos sobre a capacidade económica/participación económica da persoa usuaria no custe final do servizo.
- Recursos dos que é beneficiaria (sexan estes tanto de iniciativa pública como de iniciativa privada).

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

2 Sacar datos

Búsqueda de información de intervencións realizadas coa persoa usuaria no arquivo físico e informático do departamento que realizará o seguimento.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

3 Existe Historia Social

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

4 Iniciar Historia Social

Unha vez realizada a comprobación, se non existise Historia Social no departamento correspondente, procederase á súa apertura. Na Historia Social incluírase o expediente específico relacionado co SGAD, contendo como mínimo os documentos aos que se refire o punto 1 desta narrativa.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

5 Rexistrar

Realizarase apertura de Historia Social en formato informático (SIUSS, IANUS ou calquera outro sistema da entidade responsable do seguimento).

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

6 Activar Historia Social

Se existe Historia Social incluírase nela o expediente específico de Dependencia, segundo o detallado no punto 4 desta narrativa.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

7 Rexistrar

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

8 Preparación de expediente

Estudo dos antecedentes da persoa usuaria contidos na Historia Social, se existe, no SIUSS, IANUS ou outro programa informático da propia entidade, e dos documentos aos que se refire o punto 1 desta narrativa.

Establecerase unha clasificación inicial dos casos de acordo ás seguintes categorías: inicial, ordinario ou de risco, que deberá ser confirmada posteriormente.

Ver *cadro punto 22*

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

9 Contacto telefónico

Para o contacto telefónico deberase ter en cuenta a existencia ou non de representante. Se non existira, realizarase a chamada telefónica ao número de teléfono da persoa usuaria. No caso de existencia, a chamada realizarase ao número proposto por quen a represente.

A finalidade deste contacto telefónico será concertar unha visita ao propio fogar da persoa usuaria. A visita domiciliaria realizarase en todos os casos pero, a criterio da ou do traballador social responsable, poderase concertar, previa á visita, unha entrevista coa persoa usuaria e/ou familia no centro de referencia.

Este contacto telefónico pode evitar o envío da citación utilizando os servizos postais, que teñen un maior custe económico e ecolóxico e demora no tempo.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

10 Posible contacto telefónico

Realizaranse polo menos 3 intentos de contacto telefónico en horarios do día diferentes.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

11 Cita

Ver documento 20

A cita irá dirixida ao fogar da persoa beneficiaria ou, no seu caso, de quen a represente legalmente.

Realizaranse ata dous intentos de citación con acuse de recibo a unha mesma persoa beneficiaria, con un intervalo de tempo non inferior a un mes.

Ver documento 21

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

12 Posible contacto

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

13 Informe de incidencia a SGAD

Este informe remitirase por correo certificado e no seu momento, cando sexa posible, utilizaranse os medios telemáticos dispoñibles.

Ver documento 24

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

14 Arquivar

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

15 Rexistrar

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

16 Finalizar

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

17 Concértase visita domiciliaria ou entrevista

A entrevista realizarase no centro dos SS.SS. Comunitarios ou UTS de Saúde, sempre previa á visita domiciliaria, que será preceptiva.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

18 Pódese realizar

Se a visita ao fogar ou a entrevista concertada non se poden realizar por causa imputable á propia traballadora ou traballador social, deberá iniciarse un novo contacto coa persoa usuaria utilizando o procedemento establecido a partir do punto 9 desta narrativa.

Se existise previsión de ausencia por parte da ou do traballador social, cun mínimo de 24 horas de antelación, deberase informar á persoa usuaria concretando, de ser posible, novo día e hora de celebración da visita domiciliaria ou entrevista no centro de SS.SS. Comunitarios ou de Saúde.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

19 Imputable a interesada

En calquera caso, se a visita ao fogar ou a entrevista concertada non se poden realizar por causa imputable á persoa interesada, deberá iniciarse un novo e único contacto con ela, utilizando o procedemento definido a partir do apartado 9 deste documento e advertíndolle á persoa interesada que de non existir novamente xustificación, daráselle por desistido o procedemento e informárase de tal sentido ao SGAD.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

20 Acredita forza maior

Cando a entrevista non poida celebrarse por causa de forza maior, esta deberá ser acreditado de maneira fidedigna.

Entre outras, considerase causa de forza maior ás dificultades de saúde que impidan a valoración. Neste caso suspéndese a tramitación do expediente de valoración, ata que se dean as circunstancias de saúde que possibiliten a valoración (art. 27.4 Decreto 15/2010).

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

21 Realizar visita domiciliaria

A realización da entrevista no centro de SS.SS. Comunitarios ou de Saúde quedará a criterio da ou do traballador social que realiza o seguimento. En ningún caso a entrevista pode substituír á visita ao propio fogar da persoa usuaria.

A visita ten por obxectivo facilitar a observación e recollida de datos no propio entorno físico da persoa usuaria, permitindo obter información sobre a idoneidade da prestación no fogar, necesidade de axudas de carácter técnico, dinámica e intensidade de apoio da rede familiar e implicación na atención á persoa en situación de dependencia en cada momento ou detección de situacións de risco entre outras.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

22 Existen indicadores de risco

Ver documento 22

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

23 Procedemento de actuación ante situación de risco

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

24 Planificar seguimento

Tralas primeiras entrevistas, visitas ao fogar e outras ferramentas de intervención social, sinalaranse os aspectos que requiren especial atención durante o seguimento e a periodicidade coa que se establecen as distintas accións.

En calquera caso como mínimo deberase realizar unha visita ao fogar de seguimento anual, debendo ser a frecuencia das visitas durante o primeiro ano semestral, podendo establecerse en situacións que requiran cambios ou modificacións un período inferior.

Se o recurso é o SAF a periodicidade establecerase con carácter bimensual, en concordancia coa Orden do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o SAF.

O seguimento incluírá como mínimo as seguintes visitas ao fogar:

TABLA DE VISITAS DOMICILIARIAS		
TIPO SEGUIMIENTO	INTENSIDADE	DESCRIPCIÓN
Seguimento inicial	Semestral	Durante o primeiro ano
Seguimento ordinario	Anual	A partir do primeiro ano
Seguimento SAF	Bimestral	PIA con SAF

A planificación poderá contemplar a realización de entrevistas, chamadas telefónicas, contacto con outras e outros profesionais da propia Administración Local, Administración Autonómica, outras entidades públicas o privadas ou de iniciativa social, ou calquera outra actividade ou tarefa en función das características de cada caso.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

25 Aplicar seguimento

A aplicación de seguimento constitúe o proceso polo que se executa o planificado a tales efectos, con todas as actuacións que require o mesmo.

Pode requirir entrevistas, visitas domiciliarias, chamadas telefónicas, documentación ou calquera outra actividade que a ou o traballador social considere necesaria para constatar cómo se está aplicando o PIA e a situación en que se atopa a persoa en situación de dependencia e quen a coide.

Responsable: Traballador/a social responsable do seguimento.

26 Rexistro de incidencias

Rexistraranse todas as accións de seguimento a efectos de elaborar os informes correspondentes utilizando o formato establecido.

Ver documento 23

Cada intervención rexistrada deberá incluír: tipo de acción, data, motivo, se é realizada a iniciativa da persoa usuaria ou de oficio, observacións e valoracións que da mesma se obteñan pola persoa responsable do seguimento, entre outros.

